

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

*RESOLUCIÓN do 16 de marzo de 2018 pola que se convoca a xornada Xustiza e opinión pública.*

Conforme os fins que asigna á Escola Galega de Administración Pública a normativa que a regula (Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da Escola Galega de Administración Pública, modificada pola Lei 10/1989, do 10 de xullo),

**RESOLVO:**

Convocar a xornada Xustiza e opinión pública, de acordo coas bases que se indican a seguir:

**1. Obxectivos:**

A xornada presenta unha tripla finalidade. A primeira delas consiste en relacionar e comprender como actúan e o alcance que teñen os dereitos fundamentais de opinión e información nas actuacións xudiciais. A segunda estriba en comprender a apreciación que a sociedade ten ao redor da xustiza. Finalmente, coñecer a linguaxe predominante na Administración de xustiza. Estes tres obxectivos convértense en imprescindibles para coñecer a realidade que rodea o Poder Xudicial como encargado da impartición de xustiza a nivel social e tamén respecto de posibles interaccións que deban levar a cabo con calquera sector vinculado.

**2. Contidos:**

Nesta xornada trataranse, entre outros, os seguintes temas:

- Os dereitos de opinión e información en relación coas actuacións xudiciais.
- A percepción social da xustiza.
- A linguaxe xudicial.

**3. Persoas destinatarias:**

Persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, das administracións públicas de Galicia, tanto de xustiza como autonómica e local, dos entes instru-



mentais da comunidade autónoma, das universidades do Sistema universitario de Galicia, profesionais do dereito e persoas interesadas en xeral.

4. Desenvolvemento:

Lugar: EGAP, rúa Madrid, 2-4, Santiago de Compostela.

Data: 17 de abril de 2018.

Horario: mañá e tarde.

Duración: 6 horas lectivas.

5. Número de prazas: limitado pola capacidade do local.

6. Inscripción:

As persoas interesadas deberán formalizar a súa inscrición a través do espazo «área de matrícula» da web da EGAP (<https://egap.xunta.gal/matricula/>).

O prazo para a inscrición estará aberto desde as 8.00 horas do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* ata as 23.55 horas do día 10 de abril de 2018.

Poderá obterse calquera outra información das 8.30 ás 14.30 horas, nos teléfonos: 981 54 62 41, 981 54 62 39.

7. Criterios de admisión:

A orde de admisión virá determinada pola data e hora de presentación das solicitudes.

8. Publicación da listaxe de persoas seleccionadas e prazo de presentación de alegacións.

8.1. Na parte correspondente desta xornada da páxina web da EGAP (<https://egap.xunta.gal/>), publicarase a listaxe de persoas seleccionadas, así como tamén un número adecuado de reservas no caso de que o número de solicitudes recibidas sexa superior ao número de prazas.



O prazo de presentación de alegacións será de dous días naturais contados desde a súa publicación.

8.2. Transcorrido o prazo de alegacións, publicarase na parte correspondente a esta xornada da páxina web da EGAP (<https://egap.xunta.gal/>) a listaxe definitiva de persoas admitidas nesta actividade.

9. Cambios ou substitucións na selección, renuncia e asistencia:

9.1. En ningún caso serán admitidos cambios ou substitucións entre as persoas seleccionadas.

9.2. Renuncia:

a) As persoas seleccionadas só poderán renunciar á actividade formativa:

Por causa de forza maior suficientemente acreditada.

Por necesidades do servizo debidamente motivadas polas persoas responsables dos centros directivos.

Por outras causas xustificadas documentalmente.

b) A renuncia deberá ser comunicada por escrito á Escola Galega de Administración Pública cunha anticipación mínima de tres días hábiles anteriores ao comezo da actividade formativa. Na páxina web da Escola estará dispoñible un modelo de renuncia.

Para isto, poderá utilizarse, ademais do previsto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE do 2 de outubro), o enderezo de correo electrónico [novas.egap@xunta.gal](mailto:novas.egap@xunta.gal).

c) As persoas que incumpran o previsto nas alíneas a) e b) pasarán ao final das listas de espera de todas as actividades formativas que soliciten e cuxo prazo de matrícula comece dentro do ano seguinte contado a partir do día da finalización desta actividade.

9.3. Asistencia e puntualidade:

a) Son obrigatorias a asistencia ás sesións da actividade formativa e a puntualidade.



b) Durante a actividade formativa realizaranse controis de asistencia e puntualidade.

c) Faltas de asistencia:

c.1. Non se pode superar en ningún caso o 10 % das horas lectivas presenciais. En todo caso, as faltas de asistencia deberán xustificarse documentalmente ante as persoas responsables da actividade formativa nun prazo máximo de 10 días contados a partir do día da finalización desta actividade. As persoas que incumpran o especificado anteriormente perderán o dereito ao certificado de participación na actividade formativa.

c.2. Aquelas persoas cuxas faltas de asistencia superen o 50 % das horas lectivas pasarán ao final das listas de espera de todas as actividades formativas que soliciten e cuxo prazo de matrícula comece dentro do ano seguinte contado a partir do día da finalización desta actividade.

10. Modificacións:

A EGAP reserva para si a facultade de interpretar e de resolver as incidencias que poidan xurdir no desenvolvemento desta xornada, así como a facultade de cancelala se o escaso número de solicitudes non xustifica a súa realización.

11. Certificado electrónico de asistencia:

Ao final da xornada emitirase un certificado electrónico de asistencia, descargable desde a área de matrícula (<https://egap.xunta.gal/matricula>), a aquelas persoas inscritas cuxa asistencia fose igual ou superior ao 90 % das horas lectivas programadas. Este documento estará asinado electronicamente pola EGAP e incluirá, de forma expresa, o contido, a carga lectiva, a data e o lugar de realización da xornada, así como un código de verificación electrónica (CVE) para contrastar a súa autenticidade.

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2018

Sonia Rodríguez-Campos González  
Directora da Escola Galega de Administración Pública

